



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 3 de xullo de 2017

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 3/07/2017.
- II. Asistentes á CGIC do 3/07/2017.
- III. Suplementos Europeos dos Títulos das titulacións da EME.
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Mestrado en Xeoinformática
 - Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental
 - Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio
- IV. Guías docentes.
 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía.
- V. Informes de Orientación ao Estudantado:
 - Plan de Acción Titorial.
 - Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2017.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/es/calidad/comision-de-calidad>

2. Informe da Coordinadora.

- A Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade, programa Fides-Audit, outorgada pola ACSUG o 7 de outubro de 2014, deberá pasar unha revisión o día 27 de outubro de 2017. Preguntouse na Área de Calidade da UVigo sobre o procedemento a levar a cabo. Consultada a ACSUG infórmasenos que para o proceso de revisión a Comisión de Calidade da EME debe elabora un informe sobre o estado das Propostas de Mellora remitidas pola ACSUG no momento da concesión da certificación.

3. Aprobación, se procede, dos Suplementos Europeos dos Títulos (SET) das titulacións da EME.

Enviáronse por correo electrónico os SET das titulacións de grao e mestrado impartidas no centro (Anexo III). Estes textos conteñen os obxectivos e competencias xerais que serán impresos nos títulos.

A Comisión aproba por asentimento os SET das titulacións da EME.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes.

Enviáronse por correo electrónico (Anexo IV) as guías docentes dos graos. As guías están redactadas en galego e en castelán. Aquelas materias que no próximo curso ofertan docencia en inglés están tamén redactadas neste idioma, a excepción das competencias e resultados de aprendizaxe que foron enviados a un tradutor.

Faise unha revisión e recóllense varias suxestión. Sinálase que na redacción do parágrafo de “Outros comentarios e avaliación de Xullo” dalgúns materias non está suficientemente claro o sistema de avaliación ou non se especifica a avaliación de xullo. Os coordinadores dos graos poñeranse en contacto cos coordinadores das materias para clarificar estes aspectos.

A Comisión aproba por asentimento as guías en castelán e en galego, suxeitas á incorporación das suxestións que se mencionaron na reunión. Queda posposta a aprobación das guías en inglés ata que estean completas. A Comisión non aproba a guía da materia “Tecnoloxía ambiental”, común aos dous graos de ERME e EE, debido a que a súa redacción é moi confusa e terá que ser novamente redactada.

5. Aprobación, se procede, dos informes do procedemento DO 0203 Orientación ao Estudantado: R1 DO 0203 Plan de Acción Titorial, R2 DO 0203 Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.

Enviáronse por correo electrónico con antelación á celebración desta CGIC (Anexo V).

A programación do Plan de Acción Titorial, redactouse de tal xeito que poda ter carácter indefinido. Neste texto recóllense tanto a programación do PAT para todas as titulacións do centro, como a relativa ao programa MEET-Minas, específica para os alumnos de primeiro curso dos graos.

Por outra banda, o Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17 recolle todas as actividades e reunións relacionadas tanto có PAT como có MEET-Minas ao longo do curso 2016-17. Estas actividades e reunións leváronse a cabo cos alumnos de grao e mestrado.

A Comisión aproba por asentimento os informes do procedemento DO 0203 Orientación ao Estudantado.

Nas reunión titor-alumnos recolléronse queixas e suxestións referentes a algunhas materias que por facer mención directa a profesores e materias non se inclúen no informe de PAT. A Comisión acorda que estes comentarios sexan enviados, con carácter informativo, aos docentes implicados para o seu coñecemento.

6. Aprobación, se procede, das incidencias rexistradas no seguimento das obrigas docentes.

A CGIC do centro aprobou, na súa reunión celebrada o 20 de xuño, o envío de escritos aos docentes e coordinadores daquelas materias nas que non se rexistrara a lo menos o 90% da súa docencia. Agás no caso de dúas materias, recibíuse contestación xustificando a diferenza de horas asignadas/rexistradas. A Comisión aproba por asentimento non poñer unha incidencia aos profesores que xustifiquen por escrito a diferenza de horas nas súas materias.

Por outra banda, a Comisión aproba tamén revocar a decisión tomada o pasado 20 de xuño relativa a incluír unha incidencia no “Anexo VI: Rexistro de Incidencia” a catro docentes por non ter entregadas as actas dentro do prazo establecido. Apróbase levar un rexistro para detectar posibles casos de reincidencia.

7. Rogos e Preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 25 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a tres de xullo de dous mil dezasete.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 03/07/2017



Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 3 de xullo de 2017 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2017
2. Informe da Coordinadora.
3. Aprobación, se procede, dos Suplementos Europeos dos Títulos (SET) das titulacións da EME.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes.
5. Aprobación, se procede, dos informes do procedemento DO 0203 Orientación ao Estudantado:
 - R1 DO 0203 Plan de Acción Titorial.
 - R2 DO 0203 Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.
6. Aprobación, se procede, das incidencias rexistradas no seguimento das obrigas docentes.
7. Rogos e Preguntas



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 03/07/2017.



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 3 de xullo de 2017	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa asistencia	
Diego López González	Representante da Sociedade
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC



ANEXO III

Suplementos Europeos dos Títulos das titulacións da EME.

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - Mestrado en Enxeñaría de Minas
 - Mestrado en Xeoinformática
 - Mestrado en Tecnoloxía Medioambiental
- Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio



ANEXO IV

Guías docentes:

- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
 - Grao en Enxeñaría da Enerxía.



ANEXO V

Informes de Orientación ao Estudantado:

- Plan de Acción Titorial.
- Informe Final de Avaliación do PAT 2016-17.